

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o oito de abril de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

18/224 PRÓRROGA DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE MANTEMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 6 de marzo de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos os seguintes:

Primeiro.- Contrato administrativo correspondente ó servizo DE MANTEMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO co NIF número B27182682, asinado en data 15 de marzo de 2013 coa mercantil denominada CALFENSA PROYECTOS S.L en virtude coas seguintes cláusulas do contrato:

- O prezo para a primeira anualidade ascende a totalidade de 675.993,04 € máis o 21% de IVE €, resultando un total de 817.951,58 € IVE incluído. Así mesmo, oferta as seguintes baixas respecto aos prezos unitarios:

Baixa porcentual media para o capítulo 1-actuacións preliminares do 19,67%

Baixa porcentual media para o capítulo 2-traballos de albañilería do 15,20%

Baixa porcentual media para o capítulo 3-traballos en instalacións do 13,50%

Baixa porcentual media para o capítulo 4-traballos de xardinería do 23,06%

Baixa porcentual media para o capítulo 5-equipamento do 11,06%

Baixa porcentual media para o capítulo 6-xestión de residuos do 13,14%

Baixa porcentual media para o capítulo 7-traballos de mantemento do 16,67%

Resultando do anterior unha baixa media global do 16,04%

Así como unha mellora gratuíta para o Concello valorada na cantidade de 110.684,26 € para cada un dos catro anos de contrato.

- A duración deste contrato será de DOUS ANOS contados a partir da acta de inicio da prestación dos servizos que será asinada no prazo máximo de quince días dende a data de formalización do contrato.

O dito prazo será prorrogable por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes sen que en ningún caso o prazo total do contrato poda superar os catro anos..

Segundo.- Acta de inicio do contrato asinada o 18 de marzo de 2013

Terceiro.- Solicitud de prórroga presentada en data 30 de xaneiro de 2015 por D. Ramón Losada Castro en nome de CALFENSA PROYECTOS S.L.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160180224

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

Cuarto.- Informe de 4 de febreiro de 2015 do Técnico de Parques e Xardíns favorable á prórroga.

Quinto.- Informe da técnico de Xestión do Servizo de Intervención do 16 de febreiro de 2015 que é do seguinte teor literal:

INFORME SOBRE O CUSTO PARA A PRORROGA DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE MANTENIMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO”, ADXUDICADO A EMPRESA CALFENSA PROYECTOS, S.L..

Con data 9 de febreiro a Técnico do servizo de contratación Dona Ana Tabarés Martínez solicita informe sobre o custo estimado do contrato para a anualidade correspondente á prórroga así como da revisión de prezos se procede.

Con data 15 de marzo de 2013 asínase o contrato administrativo coa empresa “CALFENSA PROYECTOS, S.L. correspondente ó servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo por un período de dous anos, contados a partir da acta de inicio da prestación dos servizos que será asinada no prazo máximo de quince días dende a data de formalización do contrato. O dito prazo será prorrogable por períodos máximos anuais por mutuo acordo das partes sen que en ningún caso o prazo total do contrato poida superar os catro anos. **A acta de inicio é de data 18/03/2013.**

Ante o próximo vencemento do mesmo, e vistos, por un lado, o escrito presentado no Rexistro deste Concello, o día 30/01/2015, pola empresa adxudicataria Calfensa, solicitando a prórroga do contrato; e por outro lado, o informe favorable do Técnico responsable de data 4/02/2015, procede informar o seguinte:

Para o período comprendido entre o 18 de marzo de 2015 ata o 17 de marzo de 2016, o novo canon a satisfacer por este Concello, tal e como se establece na cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares, actualízase estimando unha previsión de IPC interanual febreiro14-feb15 do 0% estimado mentres non se coñeza o IPC real a aplicar; polo que o custo previsto anual para a prestación do servizo ascendería a 1.180.276,39 euros, IVE incluído:

Previsión custo 18/3/15 a 17/03/16	base	ive	total
canon contrato	675.993,04	141.958,54	817.951,58
ampliación	205.628,43	43.181,97	248.810,40
total canon	881.621,47	185.140,51	1.066.761,98
investimento en valoración de obra	56.525,43	11.870,34	68.395,77
plantas en flor	37.288,13	7.830,51	45.118,64
prev ipc interan. feb14-feb15 0%			
total canon(incluídos investimentos e plantas en flor)	975.435,03	204.841,36	1.180.276,39

A previsión de importes a consignar para o período comprendido entre o 18 de marzo de 2015 e o 31 de decembro de 2015 son os que figuran a continuación:

previsión de consigna	
-----------------------	--



18/03/2015 a 31/12/2015 canon + plantas en flor	875.755,43
Investimento e valoración de obra	53.870,86
previsión total para consignar do 18/03/2015 a 31/12/2015	929.626,30

Debería solicitarse informe sobre o cumprimento da mellora gratuita para o Concello presentada na oferta da empresa adxudicataria e que consiste nunha cantidade de 110.684,26 € para cada un dos catro anos de contrato.

É canto procede informar.”

Sexto.- Certificacións de existencia de crédito do 20 de febreiro de 2015 por importes de 729.796,20 euros e 53.870,86 euros (RC 16886 e RC 16887; C.P. 15XX00020) con cargo ás aplicacións orzamentarias 17100.22799 e 17100.61901, respectivamente.

Sétimo.- Informe do Técnico de Parques e Xardíns do 4 de marzo de 2015 onde se indica que a mercantil realizou as melloras convidadas e correspondentes ao período contractual de marzo de 2014 a marzo de 2015 (achégase informe de melloras técnicas presentadas por CALFENSA e conformadas

Oitavo.- Certificados positivos en vigor de atoparse ao corrente coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria.


Noveno.- Informe proposta do Servizo de Contratación do 6 de marzo de 2015

Décimo.- Informe da Técnico de Xestión do servizo de Intervención do 26 de marzo de 2015 no que á vista de que se coñece o IPC interanual febreiro 14-febreiro 15 que é do 1,1% solicítase nova consignación orzamentaria

Décimo primeiro.- Certificacións de existencia de crédito do 27 de marzo de 2015 por importes de 779.501,47 euros e 53.367,17 euros (RC 25612 e RC 25613; C.P. 15XX00020) con cargo ás aplicacións orzamentarias 17100.22799 e 17100.61901 respectivamente, para o período de 18-03-2015 ata o 30-11-2015

Décimo segundo.- Informe de Intervención ref. 87/2015, do 30 de marzo de 2015 de fiscalización favorable que en relación coa consignación orzamentaria na aplicación 17100.22799 (canon do mantemento e as plantas en flor) establece “*debendo adoptarse o compromiso de incluír no presuposto do ano 2016 o importe correspondente á cobertura das obrigas que se desprenden do contrato no período 01/12/2015 a 17/03/2016 sen prexuízo do crédito necesario para unha eventual prorroga ou nova licitación’.*”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160180224

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS); e a Ilma. Sra. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Desenvolvemento Local (GMS),
ACORDA:

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo suscrito por este Concello e a mercantil CALFENSA PROYECTOS, S.L., con CIF B 27182682, adxudicataria do servizo de MANTENIMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO dende o 18 de marzo de 2015 ata o 17 de marzo de 2016 con base nos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico-administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato suscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 779.501,47 €, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 17100.22799 (RC 25612) do vixente Orzamento municipal e un gasto de 53.367,17 euros con cargo á aplicación orzamentaria 17100.61901 (RC 25613; C.P 15XX00020) tendo en conta unha previsión do IPC interanual febreiro 14-febreiro 15 do -1,1%.

Este gasto de 779.501,47 euros non cobre a totalidade da previsión de gasto para o exercicio 2015 correspondente ao canon de mantemento do mes de decembro polo que o importe de 88.065,65 euros deberá incluírse no Orzamento do ano 2016 a maiores do crédito necesario para facer fronte aos gastos no dito exercicio 2016 ata o remate do contrato, todo isto de conformidade coas observacións postas de manifesto no Informe de fiscalización da Intervención Municipal.

TERCEIRO.- Adoptar o compromiso de incluír no Orzamento de 2016 a cantidade necesaria para atender as obrigas que se devindiquen no dito exercicio

CUARTO.- Darlles traslado desta resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas e demais dependencias municipais afectadas. Contra a dita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos.

QUINTO.- Este acordo, que pon fin á vía administrativa, seralles notificado ás partes interesadas, así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

4



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x160180224

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2015

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Malia o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.



CSV: V+HVwHJfCXokQqpRoHYFFA==

SINATURAS

JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO
MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA
DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA

PAXINA: 5 / 5

DATAS(UTC)

16/04/2015 08:29:19

16/04/2015 08:29:18